

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

**801** *Orde TMS/40/2019, do 21 de xaneiro, pola que se establecen para o ano 2019 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.*

O artigo 130, número sete.2, da prorrogada Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, establece que a cotización para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refiren o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, se efectuará sobre as remuneracións que se determinen mediante orde do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan, en función dos valores medios das remuneracións percibidas no ano 2018, as bases únicas para a cotización por continxencias comúns e profesionais segundo provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais.

Na elaboración desta orde tivéronse en conta os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Desta maneira, a orde responde á necesidade de determinar as bases anuais de cotización dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro de cotización. É coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e co ordenamento xurídico da Unión Europea, posto que se dita para desenvolver as previsións contidas na Lei de orzamentos xerais do Estado. É eficaz e proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para que os suxeitos responsables poidan efectuar a cotización, determinando a contía das bases e a súa aplicabilidade, así como o prazo para o ingreso das diferenzas de cotización, proporcionando a seguranza xurídica necesaria ás persoas afectadas. Así mesmo, é eficiente e a súa aplicación non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Esta orde dítase en uso da habilitación conferida polo artigo 130, número sete.2, da prorrogada Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispuxen:

*Artigo único. Determinación das bases de cotización.*

As bases únicas de cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54.2 e 3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social

dos traballadores do mar, quedan establecidas para o ano 2019 nas contías que se reflicten nos anexos desta orde, sen prexuízo do establecido no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, en relación cos coeficientes correctores.

Disposición transitoria única. *Ingreso de diferenzas de cotización.*

As diferenzas de cotización que se puidesen producir pola aplicación das bases de cotización establecidas nesta orde respecto das cotizacións que a partir do 1 de xaneiro de 2019 se efectuasen poderán ser ingresadas, sen recarga, no prazo que finaliza o último día do segundo mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos por parte das comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2019.

Madrid, 21 de xaneiro de 2019. –A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, Magdalena Valerio Cordero.

## ANEXO I

### Bases grupo segundo A (embarcacións entre 50,01 e 150 TRB)

Año 2019

Zona norte

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Arrastre, palangre de fondo e volantas en caladoiros internacionais (excepto África).	2.730,00	1.953,00	1.791,00
	Arrastre en caladoiro nacional e costa de Portugal. Palangre de fondo e volantas en costa de África. Palangre de superficie.	2.520,00	1.689,00	1.572,00
	Palangre de fondo, cerco e outras artes en caladoiros nacionais.	1.974,00	1.590,00	1.494,00
Cantabria.	Arrastre.	2.730,00	1.953,00	1.791,00
	Palangre.	1.974,00	1.590,00	1.572,00
	Cerco.	1.803,00	1.527,00	1.527,00
Gipuzkoa.	Cerco e palangre.	2.091,00	1.737,00	1.737,00
	Arrastre.	3.129,00	2.070,00	1.800,00
	Outras artes.	2.874,00	1.953,00	1.791,00
Bizkaia.	Artes fixas.	2.874,00	1.911,00	1.791,00
	Arrastre.	3.129,00	2.070,00	1.800,00
	Anzol e cerco.	2.046,00	1.704,00	1.704,00

## Zona leste

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	–	2.010,00	1.668,00	1.668,00

## Zona sur

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Almería.	–	1.833,00	1.578,00	1.578,00
Cádiz.	–	1.801,00	1.468,00	1.468,00
Huelva.	Arrastre en augas internacionais.	2.616,00	1.797,00	1.623,00
	Arrastre, cerco e palangre.	2.142,00	1.554,00	1.491,00
Málaga. Granada. Melilla. Ceuta.	–	1.680,00	1.554,00	1.554,00
Las Palmas. Tenerife.	–	2.616,00	1.785,00	1.623,00

## ANEXO II

## Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 TRB)

Ano 2019

## Zona norte

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Palangre de fondo e volantas en costa de África.	2.520,00	1.689,00	1.572,00
	Palangre, cerco e outras artes menores.	1.830,00	1.458,00	1.458,00
Cantabria.	Arrastre e palangre.	1.830,00	1.458,00	1.458,00
	Cerco.	1.803,00	1.458,00	1.458,00
Gipuzkoa.	Cerco, palangre, anzol e artes fixas.	2.046,00	1.704,00	1.704,00
	Arrastre.	3.075,00	2.031,00	1.767,00
Bizkaia.	–	2.046,00	1.704,00	1.704,00

## Zona leste

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	–	2.010,00	1.668,00	1.668,00

## Zona sur

	Modalidade de pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
		1 a 7	8	9 a 11
Almería.	–	1.680,00	1.578,00	1.578,00
Cádiz.	Arrastre, cerco e palangre.	1.680,00	1.356,00	1.356,00
Huelva.	Arrastre, cerco e palangre.	1.680,00	1.356,00	1.356,00
	Outras modalidades.	1.602,00	1.356,00	1.356,00
Málaga. Granada. Ceuta.	–	1.680,00	1.356,00	1.356,00
Las Palmas. Tenerife.	Palangre, cerco e outras artes menores.	1.680,00	1.356,00	1.356,00
	Palangre en augas internacionais.	2.334,00	1.602,00	1.434,00

## ANEXO III

## Bases grupo terceiro

Ano 2019

## Zona norte

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización.	
	3 e 4	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias. Cantabria.	1.545,00	1.419,00
Gipuzkoa. Bizkaia.	1.605,00	1.476,00
		1.296,00 *

\* Grupo 10 de cotización (en Bizkaia): *neskatillas*, empacadoras, mariscador a pé.

## Zona leste

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización.	
	3 e 4	8 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	1.734,00	1.476,00

## Zona sur

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización.	
	3 e 4	8 a 11
Almería.	1.578,00	1.434,00
Cádiz. Huelva. Málaga. Granada. Sevilla. Melilla. Ceuta. Las Palmas. Tenerife.	1.503,00	1.344,00